

Santalices destaca o valor da oratoria, que considera fundamental para o éxito persoal e profesional

- Asiste no Senado á final do concurso de oratoria das cámaras autonómicas para alumnado de ESO no que Galicia estivo representada polo Colexio Plurilingüe San José-FEC de Lugo, gañador do *Parlamento Xove 2018*

Santiago, 25 de xuño de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, asistiu hoxe no Senado ao acto de clausura da fase nacional dos concursos escolares de oratoria promovidos polos diferentes parlamentos autonómicos. Galicia estivo representada neste certame polo Colexio Plurilingüe San José-FEC, de Lugo, que resultara gañador, na categoría de ESO, do certame *Parlamento Xove 2018*, organizado pola Consellería Política Social da Xunta coa colaboración da Cámara galega.

A celebración deste competición de oratoria estudantil de ámbito nacional é o resultado dun acordo adoptado no seo da Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos de España (COPREPA) entre o alumnado de ESO do conxunto do Estado. A de hoxe constitúe a primeira edición da fase nacional deste programa. Resultaron gañadores os equipos de Asturias e Castela e León (premio compartido). Os cinco centros participantes foron galardoados cunha viaxe a Bruxelas para coñecer o Parlamento Europeo e as institucións comunitarias.

Santalices explicou que con esta iniciativa se busca promocionar e inculcar os valores da democracia parlamentaria como forma de goberno.

A oratoria, ferramenta fundamental

O presidente do Parlamento de Galicia trasladou os seus parabéns aos participantes nesta competición e recordou que a oratoria constitúe unha ferramenta fundamental para o éxito persoal e profesional.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia

Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal



Apuntou que nos últimos tempos se recuperou a preocupación pola calidade da expresión verbal, tanto entre o conxunto da sociedade como nos propios parlamentos,

Agradeceu o traballo e a implicación do profesorado que preparou aos equipos participantes e asegurou que as intervencións dos intervintes nos debates celebrados hoxe Senado acreditan o “trunfo da oratoria” que busca convencer ao contrincante, sen agresividade, un exemplo que “deberíamos incorporar aos nosos parlamentos”.

O titular da Cámara galega considerou que as mozas e mozos que participaron neste final ofreceron unha “lección” ao parlamentarismo na medida en que foron quen de buscar puntos de encontro.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.